



MINISTERIO
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD
SOCIAL Y MIGRACIONES

INSS
SALIDA
20234320000005923
05/04/2023 12:42:16

SECRETARÍA DE ESTADO
DE LA SEGURIDAD SOCIAL
Y PENSIONES



Dirección Provincial de Ourense
DIR3: EA0042177

Sr. Alcalde Presidente

Dentro da política de comunicación deste Instituto Nacional da Seguridade Social caracterizada polo achegamento dos seus servizos e a transparencia nos seus contidos informativos, esta Dirección Provincial organizará novamente "Xornadas informativas internacionais de asesoramento en materia de Seguridade Social" os vindeiros días 8 e 9 de maio no Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) no número 4 da Praza Eduardo Barreiros de Ourense.

As xornadas diríxense a persoas que exerceron actividade laboral en Alemaña e tamén aos seus familiares, sexan na actualidade traballadores ou pensionistas, e a finalidade destas é ofrecer unha información especializada e personalizada sobre os seus futuros dereitos a pensións, aclaración de periodos de cotización e para solucionar posibles incidencias en expedientes que actualmente se encontran en espera de resolución ou rematados con algún detalle que aclarar ou emendar.

Invitamos ás persoas interesadas en recibir información do Seguro alemán a visitarnos, utilizando a modalidade de "cita previa". Para iso deberán dirixirse a calquera dos CAISS da provincia ou ben mediante chamada telefónica ao número 91 542 11 76.

Asi mesmo agradecereille que difunda esta convocatoria entre os vecinos que poidan estar interesados, a súa colaboración e a dos servizos sociais dese concello. Achegamos a tal fin cartel informativo.

*La directora provincial
Carolina Gancedo Méndez*



